



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DUN XEFE DE BRIGADA, 1 PEÓN CONDUTOR E 2 PEÓNS FORESTAIS PARA A PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DURANTE O ANO 2019

Nº EXPEDIENTE: 2019/E001/000004

Logo de ver a dilixencia asinada o 12.07.2019 pola que se proceda a iniciar o expediente para o contratación laboral temporal de 1 xefe de brigada, e de conformidade coa base décima das bases de selección e convocatoria para a contratación de dous peóns forestais e a creación de bolsa de contratación de persoal laboral temporal de peóns para a brigada de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Oroso, aprobadas por Decreto de Alcaldía nº 778/2017 do 08/08/2017 a contratación de 1 peón condutor e 2 peóns de incendios que formarán parte da brigada municipal de prevención e extinción de incendios forestais.

Logo de ver o certificado de existencia de crédito do 31.07.2019

Logo de ver o informe desfavorable asinado pola Secretaría de data 23.08.2019 e o informe de reparo da Intervención do Concello de Oroso de data 23.08.2019

Tendo en conta que as a bolsa do posto de xefe de brigada e a bolsa de contratación de peóns de brigada e peóns condutores teñen vixencia ata o 31 de decembro de 2018 segundo as súas bases reguladoras e polo tanto están caducadas.

Tendo en conta que estamos xa no período do verán e coincidindo co bo tempo se fai mais necesario as tarefas de tratamentos preventivos nas vías e montes municipais co obxecto de prevención de incendios, resulta pois facilmente deducible, que xurde unha necesidade inaprazable e excepcional de cubrir esta necesidade urxente e inaprazable polo que resulta imposible proceder a unha selección de persoal seguindo o procedemento de selección esixido pola lexislación vixente. Tendo en conta o prazo de xustificación do convenio interadministrativo suscrito entre a Concellería do medio rural e a entidade local de Oroso para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2019 cofinanciado parcialmente co fondo europeo agrícola de desenvolvemento rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020 polo cal brigadas. Isto fai necesario seguir un procedemento áxil e rápido de selección de persoal.

En uso das atribucións conferidas polo artigo 217.1) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o artigo 21.1g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais, con esta data, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Levantar o informe de reparo de Intervención do 23.08.2019 por razóns de interese público co obxecto de constituir a brigada municipal de incendios durante o ano 2019 para a prevención e extinción de incendios.

SEGUNDO.- En base aos artigos 103 e 91 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 14 de abril, aprobar e aplicar a contratación laboral na modalidade de obra ou servizo, cunha xornada de 37 horas e 30 minutos semanais de luns a domingo cos descansos establecidos por lei e coas retribucións correspondentes segundo a táboa salarial por grupos profesionais para o persoal non incluído na relación de postos de traballo do Concello de Oroso para o exercicio económico do ano 2019 para o grupo III-C no caso de xefe de brigada e para o grupo V-E no caso dos peóns e peón condutor, as seguintes Bases da convocatoria que rexerán a selección por oposición de un xefe de brigada de incendios, 1 peón condutor e dous peóns de incendios.

BASES QUE RIXEN NA CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE UN XEFE DE BRIGADA DE INCENDIOS, 1 PEÓN CONDUTOR E DOUS PEÓNS DE INCENDIOS PARA O ANO 2019

BASE PRIMEIRA.OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto da presente convocatoria é a contratación en réxime de dereito laboral de brigadistas de prevención, vixianza e defensa contra incendios forestais durante o ano 2019, ao abeiro do convenio 1 xefe de brigada, 1 peón



conductor e 2 peóns de incendios para conformar a brigada municipal de incendios do concello de Oroso durante o ano 2019 ao abeiro do convenio interadministrativo subscrito entre a Concellería do medio rural e a entidade local de Oroso para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2019 cofinanciado parcialmente co fondo europeo agrícola de desenvolvemento rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020

Seleccionarase 1 xefe de brigada, 1 peón de brigada conductor e 2 peóns de brigada.

A contratación realizarase a través da modalidade de contrato de obra ou servizo, cunha xornada de 37 horas e 30 minutos semanais de luns a domingo cos descansos establecidos por lei e coas retribucións correspondentes segundo a táboa salarial por grupos profesionais para o persoal non incluído na relación de postos de traballo do Concello de Oroso para o exercicio 2019 para o grupo III-C no caso de xefe de brigada e para o grupo V-E no caso dos peóns e peón conductor

Con carácter xeral, a modalidade contractual será de obra ou servizo determinado establecéndose un período de proba de 15 días.

As funcións a desenvolver polos membros da brigada virán determinadas polo correspondente Convenio de Colaboración que se subscriba entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e o Concello de Oroso. Sen ánimo exhaustivo, as funcións serán:

-Traballos de vixianza e defensa contra os incendios forestais.

- Traballos encamiñados á prevención que diminúan o risco de propagación e minoren os danos dos incendios, no caso de producirse.

Os membros da brigada deberán ter plena dispoñibilidade (incluíndo domingos, festivos, quendas de noite...segundo as necesidades do servizo).

BASE SEGUNDA.- DURACION DO CONTRATO

Os aspirantes seleccionados serán contratados como traballadores por servizo determinado, dándose de alta na Seguridade Social e demais requisitos legais, tendo unha duración o contrato de máximo tres meses que é o prazo de vixencia da subvención outorgada ao concello para o seu financiamento.

BASE TERCEIRA.- PUBLICIDADE

Das presentes bases darase traslado ás oficinas do Servizo Público de Emprego de Ordes (A Coruña) e publicaránse na páxina web do concello.

Os resultados das probas a efectos de notificación dos interesados, así como as citacións e emprazamentos dos mesmos, levaranse a cabo unicamente a través do Taboleiro de anuncios do concello.

BASE CUARTA.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES

1.- Serán requisitos mínimos dos aspirantes a esta selección de persoal:

-Ter nacionalidade española, sen prexuízo de ter outra nacionalidade que lle permita o acceso ó emprego público de conformidade co disposto no artigo 52 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia.

-Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

-Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

-Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non se achar inhabilitado ou en

situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

-Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións propias do posto de traballo para o que se opta; acreditarase mediante informe médico no que se faga constar expresamente que o/a aspirante reúne as condicións físicas suficientes para a realización dos exercicios físicos que figuran especificados como “Proba de aptitude física” nestas bases, ademais da situación médica de que non padece enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións propias do posto.

-A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación. Os aspirantes con discapacidade farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.

- Dispor de carné de conducir B.

-Para os/as aspirantes a xefe de brigada. Estar en posesión dalgunha das seguintes titulación: Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Técnico Forestal, técnico superior en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos, técnico en traballos forestais e conservación do medio natural ou formación profesional equivalente.

- Para os aspirantes a peón brigadista-condutor. Estar en posesión de certificado de escolaridade ou equivalente

2- Os anteriores requisitos deberanse reunir con referencia ó último día de prazo de presentación de instancias.

Os interesados que asinen a instancia de participación deberán reuni-los requisitos da presente convocatoria, do contrario quedarán automaticamente eliminados, unha vez comprobada a documentación na fase de acreditación da mesma.

BASE QUINTA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E ADMISIÓN DE ASPIRANTES

As solicitudes para tomar parte nas probas selectivas presentaranse conforme ó modelo que figura no anexo I e dirixiranse ao alcalde da corporación expresando que reúnen tódolos requisitos esixidos na base anterior.

Presentaranse no rexistro xeral do concello, podendo presentarse tamén conforme ó sinalado no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común.Nos supostos previstos nos apartados b),c),d) e e) do artigo 16.4,os aspirantes deberán comunicalo ao Concello mediante telegrama ou fax (981691786) durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias, sen que en ningún caso se teñan en conta aquelas instancias que cheguen ao concello máis alá dos 3 días naturais a contar dende o remate do prazo para a presentación de solicitudes.

No caso de querer presentar de xeito electrónico a instancia poderá realizalo a través da sede electrónica do Concello de Oroso :<https://sede.oros.es>.

O prazo de presentación de solicitudes de participación será de 3 días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación das presentes bases na páxina web do concello de Oroso.

Á instancia, conforme ó modelo que figura no anexo I, acompañarase inescusablemente da seguinte documentación:

-Copia do documento nacional de identidade, ou pasaporte.

- Copia do título académico e /ou carné de conducir B, segundo o posto.

-.Informe médico no que se faga constar expresamente que o/a aspirante reúne as condicións físicas suficientes para a realización dos exercicios físicos que figuran especificados como “Proba de aptitude física” nestas bases, ademais da situación médica de que non padece enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións propias do posto.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes publicarase nun prazo non superior a 2 días hábiles unha relación de aspirantes para cada posto especificando o cumprimento dos requisitos expostos na base cuarta.



Os aspirantes terán un prazo non superior a 2 días hábiles para a subsanación de deficiencias, dende a publicación na páxina web do concello.

Nun prazo non superior a 2 días hábiles dende a terminación do prazo anterior ou no caso de non necesidade de subsanación, dende a publicación da relación de aspirantes publicarase a relación definitiva de admitidos e excluídos na proba selectiva que será publicada na páxina web do concello.

Na mesma resolución emprazárase aos aspirantes admitidos para a realización da proba selectiva sinalada na base sexta.

BASE SEXTA.- SISTEMA SELECTIVO

A selección dos traballadores realizarase polo Concello contra a base de datos do Servizo Público de Emprego, unha vez presentada por este a correspondente oferta de emprego específica na oficina do Servizo Público de Emprego de Ordes (A Coruña).

Non obstante, poderán participar outras persoas non inscritas no Servizo Público de Emprego

As probas selectivas realizaranse polo sistema de oposición ,de carácter obrigatorio e eliminatorio, que nunha proba de aptitude física consistente en empregar un banco de aproximadamente 40 cm para os homes e 33 cm para as mulleres, no que se subirá e baixará a razón de 90 movementos por minuto (22,5 veces/minuto) durante 5 minutos. O ritmo se marcará cun metrónomo. Unha vez finalizado a persoa repousará durante 15 segundos e tomarase o pulso. Cos datos da idade, peso e pulsacións obterase a capacidade aeróbica do aspirante.

Os aspirantes que non obteñan unha capacidade aeróbica igual ou superior a 40 quedarán eliminados do proceso selectivo. O exercicio puntuarase do seguinte xeito:

- Capacidade aeróbica entre 40 e 43:12 puntos.
- Capacidade aeróbica entre 44 e 46 : 13 puntos
- Capacidade aeróbica de 47 ou máis: 14 puntos

A calificación da proba será realizada polos servizos de prevención de riscos laborales contratados polo Concello de Oroso.

A orde de clasificación definitiva dos aspirantes virá determinado pola puntuación outorgada nesta proba; no caso de empate, resolverase pola maior capacidade aeróbica obtida, se persiste o empate resolverase por sorteo.

De producirse algunha vacante nas prazas ofertadas durante a vixencia dos contratos, serán chamados aqueles aspirantes que houberen superado esta proba por orde de puntuación, sempre que reunisen os requisitos da convocatoria.

ANEXO 1

MODELO DE SOLICITUDE.

D/ D^a....., con DNI número....., e domicilio, para os efectos de notificación, en....., C.P....., teléfono.....

Expón:

Que desexa participar na oposición convocada para a provisión do posto de traballo de _____ mediante contratación en réxime laboral temporal por obra ou servizo determinado, de acordo coas bases de selección para a contratación como persoal laboral



temporal para a brigada de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Oroso durante o ano 2019.

Para tal efecto fai constar:

1º.- Que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria, e que aporta a documentación esixida para ó efecto (orixinais ou copias compulsadas)

2º Que coñece e acata incondicionalmente o contido das bases.

3º Que son certos tódolos datos obrantes na presente solicitude.

4º. - Que achega coa presente solicitude a seguinte documentación:

- Copia compulsada do DNI, ou pasaporte.
- Copia compulsada do título académico e carnet de conducir B
- Informe médico no que fai constar que reúne as condicións físicas suficientes para a realización dos exercicios físicos que figuran especificados como “Pobra física” e de que non padece enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións propias do posto.

Por todo o exposto, SOLICITA que se teña por presentada esta solicitude e sexa admitido ás probas (marcar o que proceda):

- Xefe de brigada
- Peón de brigada-condutor

- Peón de brigada

En _____, ___ de _____ de 20

Asdo.._____

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE OROSO

TERCEIRO Presentar oferta de emprego no servizo de emprego de Galicia para un posto de xefe de brigada, 1 posto de peón condutor e 2 postos de peóns de incendios e publicar as bases e convocatoria na páxina web do Concello de Oroso

CUARTO.- Aprobar o gasto polos seguintes importes on cargo ás seguintes partidas:

PARTIDA	PROXECTO	CONCEPTO	IMPORTE
136.131.00	2019/3/FEADE/1	PERSOAL LABORAL TEMPORAL-BRIGADA PREVENCIÓN Y EXTINCIÓN DE INCENDIOS	21.114,78
136.160.01	2019/3/FEADE/1	SEGURIDADE SOCIAL EMPRESA-BRIGADA PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS	7.407,20

En Oroso, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo alcalde, do que eu, como Secretario, dou fe.